

## O EFECTO *NUNCA MÁIS*

Nos finais da primavera, os de *NM-Lugo* decidimos encargar, como mostra da nosa presenza pública, unhas camisetas coa marca de pegadas negras e o lema “Neste verao, tod@s imos poñer os pés...”. Aínda sabendo que o chapapote había estar aquí nos meses a seguir, non podíamos sospeitar, daquela, que ía ser precisamente na Mariña, a parte costeira do país máis vinculada a nós, onde o mouro aluvión ía facer máis impacto.

Remata agora a tempada turística, e non se nos poderá acusar de alarmistas por conformar aquel slogan. Volven chegar novas da Mariña: outras calas nas que o fuel acumulado suxire que nunca ninguén limpou; nós mesmos, esta semana pasada, acugulamos tres caixas coa materia negra que o mar metía na praia de Lago, perto de Xove; visitantes e usuarios de areais seguiron a facer consumo masivo de produtos de limpeza de pel e deixaron a pegada delatora en duchas públicas, paseos...

Contra toda evidencia, desde o empezo houbo quen dixo que non hai máis chapapote ca outros anos; a Xunta e o Goberno español -cos titulares de Medio Ambiente en función sobranceira- difundiron, con abonda cobertura mediática, mensaxes de “normalidade”, “esplendor”, “tranquilidade” e “superación do problema”. Nada novo, xa que logo. Segundo todos estes, a vida segue e o futuro de Galicia aparece máis prometedor ca nunca.

É notorio que non teñen razón. Remata unha mala campaña turística, na que o impacto do *Prestige* e a política de “información” dos gobernos tiveron a súa cota de responsabilidade, por moito que non temos esperanza de que o recoñezan. Serios, moi serios problemas revoan sobre a pesca e o marisqueo, sectores productivos nos que Galicia aínda é potencia de primeira orde. Non hai garantías serias con respecto ó pecio. Etcétera.

Ende ben que tamén cambiaron outras cousas. Estes días, por fin o control marítimo obtivo un resultado notorio, dea no que dea o caso: o cargueiro libanés *D. M. Spiridon* foi sorprendido realizando o que parece unha limpeza ilegal de tanques ou máquinas, co correspondente vertido masivo de hidrocarburo ó mar. O barco está no porto da Coruña, e parece que non será liberado sen aboar unha gran fianza.

Sempre dicimos que a catástrofe do *Prestige* espertou as mellores enerxías de Galicia. Salientemos agora que as autoridades semellan andar algo máis listas, e celebrémolo como efecto da conciencia e a mobilización do pobo galego. Aínda que isto non fose máis ca froito da casualidade ou parte constitutiva de meditadas campañas de imaxe.

## HOMENAXE

Tiñamos pendente plasmarlo agradecemento a mariñeiros, mariscadores e voluntarios que pararon a catástrofe na boca das rías, xa hai máis de medio ano. E fíxose o domingo, día 24, entre as praias de Barra e Nerga, concello de Cangas de Morrazo.

Foi unha xornada de festa, e nela repartimos diplomas, pouco máis poderíamos dar. Alí estaba xente que aínda segue a traballar na limpeza, nalgún lugar coma Carnota, xa sen ningún tipo de apoio nin cobertura oficial.

Tamén se entregaron os Premios Chapapote, se ben nin Aznar, Cascos ou Fraga se presentaron para recollelos en persoa.

## PASOU EN CERVO

Decorría a Festa da Queimada, no seu contexto de algeirada e transgresión. Remata o espectáculo, e de súpeto anuncian pola megafonía a intención de entregarlle a peza de Sargadelos conmemorativa da celebración deste ano ó Conselleiro de Medio Ambiente da Xunta, sr. Barreiro. Sen indica-la causa de tal distinción.

Como San Cibrao está no concello de Cervo, tendo en conta tanto o estado da costa coma o contexto festivo aludido máis arriba, non nos damos librado dunha persistente dúbida: ¿e aquilo iría de broma ou en serio?

